

(Feader), modifica, entre outros, o artigo 44.3 e establece que as parcelas estarán á disposición do agricultor na data establecida polo Estado membro, que non deberá ser posterior á data fixada no dito Estado membro para a modificación da solicitude de axuda.

Con obxecto de se adaptar á nova situación, resulta necesario modificar as datas que figuran no citado artigo 13 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Esta orde dítase de acordo coa disposición derradeira segunda do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, pola que se habilita o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar as datas que nel se establecen.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación das datas en que as parcelas das hectáreas admisibles deben permanecer á disposición do agricultor para xustificar dereitos de axuda na solicitude única.*

As parcelas de hectáreas admisibles utilizadas para xustificar dereitos de axuda deberán estar á disposición do agricultor o 31 de maio do ano en que se solicita a axuda.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de marzo de 2008. A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

5378 *REAL DECRETO 224/2008, do 15 de febreiro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións de inspección técnica de vehículos.* («BOE» 69, do 20-3-2008)

O Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, regulou aspectos do réxime xurídico das inspeccións técnicas de vehículos (ITV). En particular, o seu artigo 7 substituíu o sistema de concesión administrativa, previsto ata ese momento no artigo 2.1 do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións de ITV, polo sistema de autorización administrativa regrada.

Ante os recursos de inconstitucionalidade promovidos polos gobernos da Generalitat de Cataluña, o Principado de Asturias, Aragón e a Xunta de Comunidades de Castilla-La Mancha, o Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 332/2005, do 15 de decembro, declarou que o artigo 7.2 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, vulneraba as competencias autonómicas en materia de industria, ao impoñer a autorización administrativa como título habilitante para que os particulares puidesen prestar o servizo de inspección técnica de vehículos.

Posteriormente, as sentenzas da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, do 3 de outubro de 2006, nos recursos números 133/2003, rectificadas por auto do 17 de xaneiro de 2007, e 105/2003, así como a sentenza do 4 de outubro de 2006 no recurso número 95/2003, anulaban os artigos 4.1 e 5 así como os números 1, 2 e 3 da disposición transitoria segunda do Real decreto 833/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os requisitos técnicos que deben cumprir as estacións de inspección técnica de vehículos (ITV) a fin de ser autorizadas para realizar esa actividade.

O Real decreto 833/2003, do 27 de xuño, derogaba varios artigos do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións ITV. Parte do disposto nalgún dos artigos derogados era substituído por algún dos artigos anulados agora polas devanditas sentenzas do Tribunal Supremo.

Para o cumprimento do establecido na Directiva 96/96/CE do Consello, do 20 de decembro de 1996, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros relativa á inspección técnica dos vehículos de motor e dos seus remolques, é necesario restablecer o réxime de funcionamento e os requisitos que deberán cumprir as estacións ITV que permitan garantir a alta calidade e homoxeneidade da inspección técnica de vehículos en todo o territorio nacional, sen prexuízo das competencias estatutarias das comunidades autónomas.

Tamén se considerou conveniente, para claridade e transparencia do ordenamento xurídico, unificar neste real decreto toda a regulación na materia, e incluír nel os artigos, anexos e apéndices vixentes no Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, revisando e actualizando á vez todo o texto para a súa concordancia co resto da regulamentación sobre vehículos, e impulso do emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos e telemáticos.

Durante o procedemento de elaboración deste real decreto deuse audiencia ao sector afectado e foron consultadas as comunidades autónomas. Así mesmo, o que se dispón neste real decreto recibiu o informe favorable do Ministerio do Interior.

Por outra parte, esta disposición foi sometida ao procedemento de información previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión da información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos á sociedade da información, mediante o cal se incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo.

Este real decreto dítase en uso da habilitación regulamentaria contida na disposición derradeira única do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.

Na súa virtude, por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2008,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto a determinación dos requisitos que deben cumprir as estacións de inspección técnica de vehículos (ITV) para realizar ins-

peccións técnicas de vehículos, así como das obrigas xerais que deben ser observadas polos titulares das estacións ITV e o establecemento do réxime de incompatibilidades dos socios, directivos e persoal que preste os seus servizos nelas, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas con competencias exclusivas en materia de industria, sempre que non violen o establecido neste real decreto ou impidan alcanzar os fins perseguidos.

Este real decreto aplicarase a todas as estacións ITV que se definen no número seguinte.

2. Son estacións ITV as instalacións que teñen por obxecto a execución material das inspeccións técnicas que, consonte o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, e demais normas aplicables, deban facerse nos vehículos e os seus compoñentes ou accesorios, e que estean habilitadas polo órgano competente da comunidade autónoma do territorio onde estean situadas, ou nas cales a comunidade autónoma execute directamente o servizo de inspección.

Artigo 2. *Modelos de xestión das estacións ITV.*

1. A execución material das inspeccións será realizada de acordo co modelo de xestión que estableza a comunidade autónoma en exercicio das súas competencias.

Para estes efectos, a devandita execución material poderá ser realizada polas comunidades autónomas directamente, ou a través de sociedades de economía mixta, ou por empresas privadas co seu propio persoal, en réxime de concesión administrativa ou autorización.

2. Non obstante o indicado no número anterior, os informes das inspeccións, a formalización das tarxetas ITV e certificados de características, a anotación das inspeccións técnicas e as reformas de importancia e cantas operacións afecten o servizo de inspección deberán ser controladas polo órgano competente da comunidade autónoma.

Artigo 3. *Obrigas xerais que deben ser observadas polos titulares das estacións ITV.*

Os titulares de estacións ITV deberán adoptar as medidas e disposicións necesarias co fin de garantir o cumprimento das seguintes obrigas:

a) Na estación ITV non se poderán realizar traballos de reparación, transformación ou mantemento de vehículos.

b) A estación ITV fixará o seu horario de atención ao público, de conformidade cos criterios que para o efecto estableza a comunidade autónoma. Tanto o horario inicial como toda modificación deste deberán ser aprobados polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

c) Cada estación ITV deberá ter á disposición dos usuarios as condicións, incluídas as tarifas desagregadas nos seus diversos conceptos, en que realiza as inspeccións.

d) A estación ITV deberá ser imparcial en canto ás condicións en que se realiza a inspección.

e) A estación ITV deberá subscribir pólizas de responsabilidade civil, avais ou outras garantías financeiras outorgadas por unha entidade debidamente autorizada, que cubran os riscos da súa responsabilidade, respecto a danos materiais e persoais a terceiros, por unha contía mínima de 300.500 euros por liña de inspección, sen que a contía da póliza limite esta responsabilidade. A dita contía actualizarase anualmente para recoller a variación

anual do índice de prezos de consumo medio do ano anterior, calculado como a variación anual da media dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística no ano natural anterior do índice de prezos de consumo (grupo xeral para o conxunto xeral) sobre a mesma media do ano precedente.

Artigo 4. *Incompatibilidades.*

Sen prexuízo do réxime de incompatibilidades que se poida establecer, a Administración pública competente para organizar as funcións e servizos de inspección, os socios ou directivos da empresa e o persoal que preste os seus servizos nela non poderán ter participación directa ou indirecta en:

a) Actividades de transportes terrestres por estrada.

b) Comercio de vehículos automóbiles.

c) Xestorías administrativas relacionadas co campo da automoción.

d) Entidades aseguradoras que operen nos ramos do seguro de automóbil.

e) Peritos de seguros e mediadores de seguros privados que exerzan a súa actividade nos ramos do seguro do automóbil.

Artigo 5. *Requisitos que deben cumprir as estacións ITV e os seus titulares.*

1. Son requisitos que deben cumprir, en todo caso, as estacións ITV, os que establece o anexo I deste real decreto.

2. O cumprimento dos requisitos débese xustificar con carácter anual ante a Administración da comunidade autónoma.

3. Para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas e requisitos establecidos neste real decreto, sen prexuízo da facultade inspectora da Administración competente, esta poderá considerar válida a comprobación mediante a correspondente acreditación da entidade de inspección, conforme a norma UNE-EN ISO/IEC 17020 no campo da inspección técnica de vehículos, realizada por unha entidade das designadas segundo a sección 2.^a do capítulo II do Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguraza industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro. Nese caso, a entidade de acreditación actuará de acordo cos seus procedementos.

Se a Administración competente opta por outro procedemento para xustificar os requisitos técnicos do anexo I deste real decreto, debe preestablecelo para garantir a homoxeneidade e unificación dos procesos de acreditación.

4. Nos casos en que a acreditación do cumprimento das obrigas e requisitos se realizase a través dunha entidade de acreditación, a entidade actuante emitirá un certificado de acreditación en que se especifique a súa acreditación no campo da inspección técnica de vehículos e o seu alcance.

Artigo 6. *Inspeccións que se poden realizar nas estacións ITV.*

1. Nas estacións ITV poderanse realizar as seguintes actuacións:

a) Inspeccións periódicas dos vehículos, establecidas no Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo

Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, e disposicións complementarias.

b) Inspeccións previas á matriculación de vehículos.

c) Inspeccións previas ao cambio de destino do vehículo, segundo a regulamentación vixente.

d) Inspeccións realizadas con ocasión da execución de reformas de importancia, definidas regulamentariamente.

e) Inspeccións realizadas para a expedición de tarxetas ITV e certificados de características, nos casos previstos na regulamentación vixente.

f) Inspeccións que lle sexan requiridas ao titular do vehículo por calquera dos organismos a que o Regulamento xeral de vehículos e demais lexislación vixente lles atribúen competencias sobre esta materia.

g) Inspeccións e pesaxes voluntarias solicitadas polos titulares dos vehículos.

h) Verificacións periódicas e despois de reparación ou de modificación de taxímetros cando a estación ITV actúe como organismo autorizado de verificación metroloxica.

i) Revisións periódicas dos tacógrafos naquelas estacións ITV que actúen como talleres ou centros técnicos autorizados para efectuar as devanditas revisións.

j) Pesaxe de vehículos, por instancia dos axentes encargados da vixilancia de tráfico.

k) Inspeccións a vehículos accidentados con danos importantes na súa estrutura ou elementos de segurancia, segundo se dispón no artigo 6, punto 5, do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos.

l) Inspeccións previas para a cualificación de idoneidade de vehículos destinados ao transporte escolar e de menores.

m) Inspeccións periódicas ou excepcionais establecidas pola lexislación de aplicación aos vehículos de transporte de produtos alimentarios a temperatura regulada e aos vehículos de transporte de mercadorías perigosas por estrada, cando estean autorizadas polo órgano competente da comunidade autónoma.

n) Aqueloutras inspeccións que se establezan no prego de condicións da concesión ou na autorización, por instancia da comunidade autónoma correspondente.

2. As inspeccións anteriores, salvo as especificadas nas alíneas a), g), j) e n), serán levadas a cabo por persoal da comunidade autónoma ou polas entidades ou estacións ITV que esta habilite, e baixo a súa supervisión, nos termos que dispoña o órgano competente da comunidade autónoma e que sexan compatibles coa normativa vixente.

Artigo 7. *Rexistro central de estacións ITV.*

1. Finalizada a construción dunha estación ITV, o órgano competente da comunidade autónoma comunicará ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, facilitándolle a información sobre o número e tipo de liñas equipadas, datos da empresa titular, de ser o caso, situación da estación, número asignado que deberá figurar nos informes de inspección técnica de vehículos, así como nas epígrafes correspondentes das tarxetas ITV e certificados de características e, en xeral, todos aqueles datos que definan as características da estación correspondente.

2. Unha vez recibida a notificación, o órgano directivo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio com-

petente en materia de segurancia industrial procederá a efectuar as inscricións oportunas no Rexistro de estacións de inspección técnica de vehículos que para tal efecto está establecido, co fin de facilitar a coherencia do conxunto para os efectos estatísticos.

3. O órgano competente da comunidade autónoma comunicará ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as variacións que se produzan nos datos rexistrables das inscricións das estacións ITV.

Artigo 8. *Sinalización das estacións ITV.*

Para facilitar a identificación da estación ITV en todo o territorio español por parte dos condutores dos vehículos, todas elas exhibirán, en lugar ben visible, o sinal de servizo ITV que aparece no anexo II deste real decreto.

Artigo 9. *Elección de estación ITV para a inspección técnica de vehículos.*

1. Todo usuario dun vehículo elixirá libremente a estación ITV onde desexe realizar a inspección técnica de vehículos, entre as habilitadas polas comunidades autónomas.

2. Non obstante, aqueles vehículos cuxa primeira inspección fose desfavorable ou negativa deberán someter a unha nova inspección na mesma estación en que foi inspeccionado inicialmente, de acordo co Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, salvo autorización expresa do órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

Artigo 10. *Formalización das tarxetas ITV, copias en papel das tarxetas ITV emitidas en soporte electrónico e certificados de características.*

1. O resultado da inspección técnica, así como a data en que tivese lugar, quedarán reflectidos na epígrafe correspondente da tarxeta ITV, a copia en papel da tarxeta ITV emitida en soporte electrónico, ou o certificado de características, que deberá ser dilixenciado mediante:

- a) a sinatura do director técnico da estación ITV ou da persoa en quen delegase, logo de autorización do órgano competente da comunidade autónoma;
- b) o selo da empresa titular;
- c) o número de orde da estación ITV asignado de acordo co establecido no artigo 7.1 deste real decreto.

Cando se establezan os procedementos para transmisión da información relativa á vida útil do vehículo, contida na tarxeta ITV en soporte electrónico, o dilixenciamento das inspeccións técnicas realizarase mediante sinatura en formato electrónico da persoa xurídica ou física autorizada.

2. Os asinantes dos documentos a que se refire o número anterior serán responsables da veracidade e exactitude dos datos consignados.

3. A tarxeta ITV, a copia en papel da tarxeta ITV emitida en soporte electrónico e o certificado de características conterán as características técnicas do vehículo e terán o formato, contido e especificacións establecidas polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

4. As características indicadas na tarxeta ITV ou a copia en papel da tarxeta ITV emitida en soporte electró-

nico ou o certificado de características serán utilizadas na identificación do vehículo na inspección técnica.

Artigo 11. *Distintivo de inspección técnica periódica.*

1. Os vehículos que superasen favorablemente a inspección técnica periódica colocarán nun lugar ben visible un distintivo en que se indique a data en que deben pasar a próxima inspección, cuxo deseño aparece no anexo III deste real decreto.

2. A colocación do distintivo de inspección é obrigatoria para todos aqueles vehículos que están sometidos ao réxime de inspección técnica periódica.

Artigo 12. *Informe de inspección.*

1. Co fin de que exista a necesaria homoxeneidade que permita a análise dos resultados das inspeccións, os informes de inspección estarán unificados en todo o territorio español.

2. O modelo dos devanditos informes, así como as instrucións para a súa formalización, figuran no anexo IV deste real decreto.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas enviarán anualmente ao órgano directivo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, competente en materia de seguraza industrial, información sobre o número e os resultados das inspeccións técnicas dos vehículos, así como a frecuencia dos defectos observados, con base nos datos que figuren nos informes de inspección.

4. Con esta información, o devandito órgano directivo elaborará estudos sobre estatísticas de inspección e deficiencias dos vehículos debidas ao seu estado de conservación, funcionamento e outras causas.

Artigo 13. *Tarifas de inspección.*

O réxime de tarifas das inspeccións e a súa actualización periódica serán establecidos pola comunidade autónoma.

Artigo 14. *Réxime sancionador.*

1. As infraccións a este real decreto serán sancionadas de acordo co disposto no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

De conformidade co disposto no artigo 7.3 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, o incumprimento das condicións técnicas que deben reunir as instalacións constituirá unha infracción moi grave que será sancionada cunha multa de ata 30.050 euros. Ademais, cando a comisión da infracción menoscabe gravemente a calidade dos servizos de inspección ou cando o incumprimento se produza de forma reiterada ou dilatada no tempo, poderase impoñer a sanción de revogación da autorización ou concesión habilitante para o exercicio da actividade de inspección de vehículos, caso en que, unha vez iniciado o expediente, se poderá suspender esta provisionalmente.

2. A incoación dos expedientes sancionadores poderase acordar como consecuencia do resultado da comprobación a que se refire o artigo 5.3 deste real decreto ou como consecuencia das inspeccións levadas a cabo polos órganos competentes das comunidades autónomas.

Disposición transitoria única. *Réxime das estacións ITV habilitadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. No caso de estacións ITV habilitadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, cando o cumprimento dalgún dos requisitos establecidos na alínea A.3 do anexo I supoña modificacións ou transformacións de difícil execución, logo de solicitude e xustificación por parte da estación ITV, o órgano competente da comunidade autónoma en que estea situada a estación eximirá do seu cumprimento, sempre que isto non supoña menoscabo na calidade e seguraza do servizo.

2. As estacións ITV que no momento da entrada en vigor deste real decreto estean habilitadas en virtude de autorización ou concesión, continuarán habilitadas polos devanditos títulos ata a súa extinción para prestaren servizos de inspección técnica de vehículos.

3. As estacións ITV que no momento da entrada en vigor deste real decreto estean habilitadas en virtude de concesión ou autorización poderán manter o réxime de incompatibilidades co cal foron recoñecidas ou habilitadas para funcionar durante o período de vixencia de tales títulos habilitantes.

4. Antes de que transcorra un ano desde a entrada en vigor deste real decreto, as estacións ITV deberán adecuar as súas instalacións ás obrigas e requisitos recollidos neste real decreto, e deberán acreditar ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente o cumprimento das obrigas e requisitos aplicables con carácter xeral ás estacións ITV, todo isto coa excepción das exencións previstas no número 1 desta disposición.

A acreditación realizarase de acordo co disposto no artigo 5.3.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións ITV e o Real decreto 833/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os requisitos técnicos que deben cumprir as estacións de inspección técnica de vehículos (ITV) co fin de ser autorizadas para realizar esa actividade, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do artigo 11.6 do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, co obxecto de regular a transmisión do resultado das inspeccións ao Rexistro de vehículos.*

Modifícase o número 6 do artigo 11 do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, que queda redactado nos seguintes termos:

«O resultado de todas as inspeccións será comunicado pola estación ITV que as efectúe ao órgano competente da comunidade autónoma. Igualmente, a estación ITV comunicaráo por medios telemáticos, no día da inspección, ao Rexistro de vehículos, seguindo as instrucións que para o efecto dite o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

Así mesmo, os órganos competentes das comunidades autónomas enviarán anualmente, ao

órgano directivo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio competente en materia de seguraza industrial, información sobre o número e os resultados das inspeccións técnicas de vehículos, así como a frecuencia dos defectos observados, con base nos datos que figuren nos informes de inspección».

Disposición derradeira segunda. *Modificación do anexo XI do Regulamento xeneral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, para a actualización do sinal V-19 «Distintivo de inspección técnica periódica do vehículo».*

O punto 2 da epígrafe correspondente ao sinal V-19 DISTINTIVO DE INSPECCIÓN TÉCNICA PERIÓDICA DO VEHÍCULO, do anexo XI do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, queda redactado da seguinte forma:

«No caso de vehículos que teñan parabrisas, o distintivo colocase no ángulo superior dereito do parabrisas pola súa cara interior. A cara impresa do distintivo será autoadhesiva.

No resto dos vehículos, o distintivo colocase nun sitio ben visible. A cara sen imprimir do distintivo será autoadhesiva.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

1. Os artigos 2, 3, 4, 7, 13 e 14 dítanse ao abeiro do disposto na regra 13.^a do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

2. Os restantes artigos dítanse ao abeiro do disposto na regra 21.^a do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.»

Disposición derradeira cuarta. *Facultades normativas.*

1. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas competencias, poderá ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

2. Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para modificar, mediante orde, o contido técnico dos anexos deste real decreto, coa finalidade de mantelos permanentemente adecuados ao estado da técnica e ás normas e criterios europeos e internacionais na materia.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOAN CLOS I MATHEU

ANEXO I

Requisitos

A. Requisitos xerais

A.1 A estación ITV deberá dispoñer de, polo menos, unha liña de inspección para vehículos lixeiros e outra para vehículos pesados ou universal. En casos excepcionais a Administración competente poderá admitir estacións ITV cunha soa liña universal cando se sitúen en zonas de poboación moi dispersa e se xustifique a inviolabilidade de instalar dúas liñas en función das inspeccións previstas. Igualmente, con carácter excepcional, a Administración competente, en disposicións que dite para o efecto, poderá admitir outras configuracións.

A.2 Con carácter xeral, as estacións ITV estarán en disposición de realizar polos seus propios medios as inspeccións das alíneas a), g), j) e n) do artigo 6.1 deste real decreto.

Excepcionalmente, a Administración competente, en disposicións que dite para o efecto, poderá establecer a exención de dispoñibilidade para determinadas inspeccións das relacionadas no parágrafo anterior en estacións ITV concretas.

Igualmente, a Administración poderá exixir aquelas outras das alíneas b), c), d), e), f), h) i), k) l) e m) do mesmo artigo 6.1, ou outras inspeccións técnicas de vehículos regulamentariamente establecidas, para o que se necesitará dispoñer dos medios adecuados e da preceptiva habilitación.

A.3 A estación ITV:

a) Deberá estar situada en locais ou naves totalmente independentes de calquera local ou nave en que se realice calquera outra actividade distinta da inspección técnica de vehículos.

b) O recinto terá unhas dimensións e unha facilidade de fluxo e espera de vehículos adecuada á súa capacidade, que deberá xustificar no proxecto técnico da estación ante a Administración competente.

c) Estará situada en lugares de fácil acceso e nos cales o fluxo de vehículos á estación non provoque conflitos de tránsito na zona.

d) Cumprirá as condicións de accesibilidade para persoas de mobilidade reducida ou con problemas de comunicación establecidas na lexislación sobre promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras aplicable no territorio onde estea situada a estación.

A.4 A estación ITV disporá de sistemas telemáticos para a transmisión da información das inspeccións realizadas e para a recepción de información técnica dos vehículos obxecto de inspección, coa Administración competente e co Rexistro de vehículos da Xefatura Central de Tráfico de acordo coas instrucións que esta dite.

A.5 As estacións ITV poderán dispoñer de unidades móbiles para dar servizo, seguindo as directrices da Administración competente, a vehículos agrícolas, ciclomotores e outros que non poidan acceder aos recintos en que estean situadas, así como a outros vehículos en municipios onde non exista ningunha estación ITV e a vehículos industriais, en aplicación do Real decreto 975/2002, do 13 de setembro, polo que se regulan as inspeccións técnicas en estrada dos vehículos industriais que circulan no territorio español, con suxeición aos requisitos establecidos nesta norma que resulten de aplicación; en todo caso, deberán informar a Administración competente acerca das condicións en que se realizan as inspeccións mediante as ditas unidades móbiles. Periodicamente remitirán o resultado das inspeccións realizadas a través de unidades móbiles á Administra-

ción competente, especificando a clase de vehículos inspeccionados, así como as incidencias de cada inspección.

A.6 A estación ITV realizará auditorías e controis de calidade internos anuais, para:

- a) Verificar se o proceso de inspección cumpre cos requisitos exhibibles.
- b) Comprobar se o sistema de calidade alcanza os obxectivos establecidos pola política de calidade da estación ITV.

A.7 A estación ITV realizará auditorías e controis de calidade internos adicionais nos seguintes casos:

- a) Antes da entrada en servizo da estación ITV.
- b) Cando se realizasen, ou cando se produzan, cambios significativos na organización da estación ITV ou no procedemento de inspección.
- c) Cando a execución das inspeccións ou o servizo de inspección presente anomalías significativas detectadas pola estación de ITV ou pola Administración competente ou se presenten queixas por parte dos usuarios.
- d) Cando sexa preciso verificar que as anomalías detectadas foron corrixidas.

A.8 A estación ITV deberá subscribir pólizas de responsabilidade civil, avais ou outras garantías financeiras outorgadas por unha entidade debidamente autorizada, que cubran os riscos da súa responsabilidade, respecto a danos materiais e persoais a terceiros, por unha contía mínima de 300.500 euros por liña de inspección, sen que a contía da póliza limite esta responsabilidade. A dita contía actualizarase cada ano para recoller a variación anual do índice de prezos de consumo medio do ano anterior, calculado como a variación anual da media dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística no ano natural anterior do índice de prezos de consumo (grupo xeral para o conxunto xeral) sobre a mesma media do ano precedente.

A.9 A estación xustificará o paso do vehículo pola liña de inspección mediante o escaneamento da matrícula ou por calquera outro medio audiovisual e o seu arquivo no formato que se determine con todos os datos da inspección.

B. Requisitos de calidade do servizo de inspección

B.1 A estación ITV deberá ter o cadro de persoal necesario para realizar todas as funcións de maneira que o servizo se poida prestar en condicións idóneas de calidade.

B.2 A estación ITV deberá ter no cadro de persoal o número suficiente de inspectores permanentes con coñecementos técnicos de vehículos que lles permitan emitir informes sobre a conformidade destes coas prescricións regulamentarias e experiencia suficiente para realizaren as inspeccións de forma adecuada. Os inspectores deberán posuír a cualificación profesional necesaria en automoción.

B.3 A remuneración dos inspectores non dependerá do número de vehículos inspeccionados ou dos resultados das inspeccións.

B.4 Cada estación ITV terá un director técnico con titulación de enxeñeiro ou enxeñeiro técnico que:

- a) Teña a cualificación e experiencia suficiente nos procedementos de inspección de vehículos.
- b) Teña experiencia no funcionamento de estacións ITV.

c) Asuma a responsabilidade de que as inspeccións se realicen conforme as prescricións da regulamentación aplicable e as da Administración competente.

O director técnico deberá pertencer ao cadro de persoal da estación ITV.

B.5 Os procedementos de inspección deberán incluír, como mínimo, a seguinte información:

- a) Equipamentos necesarios para realizar a inspección.
- b) Secuencia de operacións.
- c) Rexistros de datos que se vaian utilizar.
- d) Formato de informe.
- e) Criterios de aceptación e rexeitamento e categorización de defectos.
- f) Medidas de seguraza do persoal.

C. Requisitos dos equipamentos de inspección

C.1 A estación ITV debe dispoñer duns medios e equipamentos idóneos e adecuados, que lle permitan levar a cabo todas as actividades relacionadas cos servizos de inspección.

C.2 Os equipamentos de inspección utilizados en cada inspección deberán quedar identificados e documentados.

C.3 Os equipamentos de medida deberán ser utilizados de tal maneira que aseguren que a incerteza das medidas é coñecida e adecuada á magnitude que se está a medir.

C.4 Todos os equipamentos deben estar adecuadamente identificados.

C.5 A estación ITV deberá garantir que os equipamentos de inspección son utilizados, mantidos e almacenados de forma que se asegure a idoneidade continuada para o uso a que están destinados.

C.6 Os equipamentos de inspección deberán estar protexidos contra posibles manipulacións.

C.7 A estación de ITV debe dispoñer de procedementos documentados para o tratamento dos equipamentos defectuosos ou fóra de calibración. Estes débense poñer fóra de servizo mediante segregación, etiquetaxe ou marcas visibles.

C.8 Cando se detecte o emprego de equipamentos defectuosos, a estación ITV debe estudar os efectos sobre as inspeccións realizadas con estes equipamentos anteriormente e informar ao órgano competente da comunidade autónoma de tal continxencia.

C.9 Os instrumentos de medida utilizados na estación ITV estarán suxeitos ao control metrolóxico do Estado, de acordo do establecido no capítulo III da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e no Real decreto 889/2006, do 21 xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida e as súas normas de aplicación e desenvolvemento, cando exista lexislación metrolóxica ao respecto.

Os equipamentos de inspección utilizados nas estacións ITV deberán ser sometidos a controis para asegurar o seu correcto funcionamento segundo un programa definido coas seguintes frecuencias:

- a) Equipamentos para a comprobación do sistema de freada: trimestral.
- b) Equipamentos para a comprobación do sistema de luces: trimestral.
- c) Opacímetros: mensual.
- d) Analizadores de gases: mensual.
- e) Placas de dirección: trimestral.
- f) Bancos de dirección e carrozaría: trimestral.

- g) Velocímetros e bancos de medida de velocidade de ciclomotores: semestral.
- h) Básculas: trimestral.
- i) Decelerómetro: semestral.
- j) Dinamómetro portas transporte escolar: semestral.
- k) Sonómetro: mensual.
- l) Simulador de velocidade para limitadores de velocidade: semestral.

As frecuencias serán preceptivas para todos os equipamentos novos ou dos cales non haxa datos históricos.

Cando existan datos históricos dos equipamentos (deriva da medida, condicións ambientais de uso, cualificación do persoal que o utiliza, número de usos ou utilización) que aseguren a súa estabilidade, as estacións ITV poderán variar estas frecuencias en función destes datos.

C.10 Nos ordenadores ou outros equipamentos automatizados no proceso de inspección, deberá asegurarse que os programas utilizados foron validados adecuadamente.

C.11 En caso de calibracións externas, a estación ITV deberá contratar a calibración periódica dos seus equipamentos de medición cun organismo competente, capaz de asegurar a rastrexabilidade cun patrón nacional ou internacional.

C.12 Os procedementos de calibración deberán definir os procesos de calibración, condicións ambientais, frecuencia, criterios de aceptación e accións correctoras que se deban tomar cando sexan inadecuados.

C.13 Sen prexuízo do que estableza a regulamentación específica de control metrolóxico, os equipamentos de medición deberán ser calibrados antes da súa utilización e, polo menos, coas seguintes frecuencias durante o seu uso:

- a) Equipamentos para a comprobación do sistema de freada: semestral.
- b) Opacímetros: semestral.
- c) Analizadores de gases: semestral.
- d) Placas de dirección: semestral.
- e) Bancos de dirección e carrozaría: anual.
- f) Velocímetros e bancos de medida de velocidade de ciclomotores: anual.
- g) Básculas: anual.
- h) Decelerómetro: anual.
- i) Dinamómetro portas transporte escolar: anual.
- j) Sonómetro: anual.
- k) Simulador de velocidade para limitadores de velocidade: anual.

As frecuencias serán preceptivas para todos os equipamentos novos ou dos cales non haxa datos históricos.

Cando existan datos históricos dos equipamentos (deriva da medida, condicións ambientais de uso, cualificación do persoal que o utiliza, número de usos ou utilización) que aseguren a súa estabilidade, as estacións ITV poderán variar estas frecuencias en función destes datos.

C.14 As calibracións internas dos equipamentos de medida realizaranse de forma que se garanta a rastrexabilidade das medidas a patróns nacionais ou internacionais.

C.15 Cando a estación ITV dispoña de patróns de referencia para o seu uso na estación, só se deben utilizar para a calibración, e quedará excluído calquera outro uso. Os patróns de referencia deben ser calibrados por

un organismo competente capaz de asegurar a rastrexabilidade cun patrón nacional ou internacional.

C.16 O estado de calibración dos equipamentos deberá ser marcado sobre estes de forma inequívoca mediante etiquetas, que indiquen como mínimo a data de calibración e a data da próxima calibración.

C.17 A estación ITV deberá manter rexistros de todos os controis e calibracións levados a cabo.

C.18 A estación ITV deberá garantir que todos os equipamentos utilizados nas inspeccións son almacenados de conformidade cos procedementos establecidos no seu sistema de calidade.

C.19 A estación ITV deberá asegurar que todos os equipamentos utilizados nas inspeccións son clara e completamente descritos na documentación do fabricante que acompaña a nota de entrega, incluídos:

- a) Tipo, clase e identificación.
- b) Especificacións técnicas.
- c) Se é necesario, normas que debe cumprir.

C.20 A estación ITV deberá garantir que todos os equipamentos utilizados nas inspeccións son recepcionados antes da súa utilización e se verifica o total cumprimento dos requisitos exixibles.

C.21 Na recepción dos equipamentos deberá verificarse polo menos:

- a) Conformidade, en canto á fabricación e funcións, dos requisitos exixibles.
- b) Número de identificación.
- c) Ausencia de danos.
- d) Documentación técnica que os acompaña.

D. Requisitos das inspeccións

D.1 Na inspección técnica de vehículos seguiranse os criterios técnicos de inspección descritos no Manual de procedemento de inspección das estacións ITV elaborado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo cos órganos competentes das comunidades autónomas. Este manual estará dispoñible para consulta dos titulares dos vehículos sometidos á inspección en todas as estacións ITV.

O manual será actualizado cando varíen os criterios técnicos de inspección, tanto de carácter nacional como internacional, nesta materia.

D.2 A estación ITV deberá establecer documentalmente e manter os procedementos necesarios para garantir que as inspeccións dos vehículos se realizan correctamente de conformidade coas prescricións regulamentarias.

D.3 A estación ITV deberá garantir que os vehículos sometidos a inspección son manexados correctamente para evitar calquera dano ou deterioración.

D.4 A estación ITV deberá garantir que os vehículos sometidos a inspección son correctamente identificados, comprobando a coincidencia do vehículo coa súa documentación e, en especial a matrícula, número de bastidor, marca e modelo.

D.5 Cando existan dúbidas sobre se o estado de mantemento do vehículo é o adecuado para ser sometido a inspección de forma correcta, o inspector deberá ter a autoridade suficiente para non someter o vehículo a inspección ata que este se encontre en estado adecuado.

D.6 A estación ITV deberá garantir que as inspeccións dos vehículos son realizadas respectando o ambiente e preservando a saúde dos traballadores e

usuarios, de conformidade coa regulamentación vixente.

D.7 Os inspectores deberán ter acceso aos documentos, instrucións, normas e procedementos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo.

D.8 Todos os datos e cálculos que se deban manexar durante o proceso da inspección deberán ser validados.

D.9 As observacións e/ou datos obtidos no transcurso das inspeccións débense rexistrar de maneira adecuada, para evitar perdas de información.

D.10 Os impresos utilizados para realizar os informes e os distintivos de inspección deberán ser almacenados, gardados e controlados adoptando as medidas adecuadas para preservalos de perda ou extravío.

D.11 A estación ITV deberá garantir que por cada vehículo inspeccionado se xera un informe de inspección, do cal se gardará unha copia, así como de calquera documento xerado durante a inspección. Admitirase que a documentación que a estación teña que conservar estea en formato electrónico.

D.12 Antes da emisión do correspondente informe de cada inspección, a estación ITV deberá asegurarse de que todas as probas, comprobacións e ensaios necesarios foron realizados.

D.13 Os informes de inspección de cada vehículo inspeccionado deberán incluír o resultado final da inspección en canto á aptitude do vehículo para circular.

D.14 Todos os informes de inspección deberán quedar completamente cubertos. Se algunha epígrafe non se pode cubrir, nas observacións faranse constar as razóns.

D.15 Non se permitirán correccións ou adicións sobre os informes de inspección. Se for necesaria calquera corrección ou adición, realizarase un novo informe e retirarase e arquivarase o anterior.

D.16 Os informes de inspección e as tarxetas ITV serán cubertos e asinados unicamente polas persoas autorizadas para facelo.

E. Requisitos respecto aos usuarios do servizo

E.1 A estación ITV deberá establecer documentalmente un procedemento para a recepción de todas as queixas e reclamacións que se produzan con motivo das inspeccións realizadas.

E.2 A estación ITV deberá establecer documentalmente un procedemento para o estudo e resolución de todas as reclamacións que se produzan por desconformidade do usuario co resultado da inspección.

E.3 Todas as queixas e reclamacións que se produzan serán tratadas, estudadas e resoltas seguindo os mesmos criterios.

E.4 A estación ITV deberá gardar rexistros de todas as queixas e reclamacións recibidas, así como das accións tomadas como consecuencia delas.

F. Requisitos respecto á documentación xerada na estación ITV

F.1 A estación ITV deberá implantar un procedemento adecuado para a correcta recollida, identificación, clasificación, arquivo, almacenamento, mantemento e consulta de todos os datos relacionados coas inspeccións e co seu sistema de calidade. Estes datos estarán protexidos contra calquera uso non autorizado e serán accesibles sempre que se precisen.

F.2 Polo menos, deberán manter os seguintes rexistros:

- a) Informes de inspección de vehículos.
- b) Informes de recepción de equipamentos.

c) Informes de verificación e calibración dos equipamentos.

d) Informes de cualificación, experiencia e formación de todo o persoal.

e) Informes de todas as auditorías de calidade.


f) Informes de todas as accións correctoras adoptadas.

g) Informes das reclamacións habidas e as súas solucións.

F.3 Salvo que se establezan regulamentariamente outros prazos para algún dos puntos anteriores, os devanditos documentos deberán ser mantidos durante polo menos cinco anos desde a súa emisión.

ANEXO II

Sinal de servizo ITV



Nota: O rótulo «ITV» do sinal complementarase, de ser o caso, co correspondente aos outros idiomas oficiais das comunidades autónomas

ANEXO III

Características e normas de aplicación do distintivo de inspección

As características e normas de aplicación do distintivo de inspección, a que se fai referencia no artigo 11.1 do real decreto, son as seguintes:

1.^a O distintivo de inspección terá o deseño e dimensións que se indican para o sinal V-19 «Distintivo de inspección técnica periódica do vehículo» que se establece no anexo XI do Regulamento xeral de vehículos.

2.^a O distintivo de inspección debe estar feito de tal forma que, durante o seu período de validez, sexa capaz de resistir as solicitacións derivadas do servizo do vehículo e non sexa posible a súa reutilización. As cores de fondo e os caracteres determinaranse de acordo co ano civil en que caduque o prazo de validez da inspección. Estas cores son para cada ano as que se indican para o sinal V-19.

3.^a O número situado sobre o escudo constitucional indica as dúas últimas cifras do ano de caducidade da inspección. Os números romanos da parte superior, que van do I ao XII, sinalan o mes de caducidade da inspec-

ción. O mes que corresponda será furado cun perforador que deixa unha pegada circular de catro milímetros de diámetro.

4.^a Na zona lateral esquerda do distintivo identifícase de forma indeleble, mediante caracteres de imprenta preimpresos ou mediante máquina de perforar números de conta, o número da estación ITV onde se realizou a inspección. A altura dos caracteres será de 6,5 milímetros.

5.^a No caso de vehículos que teñan parabrisas, o distintivo colocárase no ángulo superior dereito do parabrisas pola súa cara interior. A cara impresa do distintivo será autoadhesiva.

No resto dos vehículos, o distintivo colocárase nun lugar ben visible. A cara sen imprimir do distintivo será autoadhesiva.

ANEXO IV

Características do informe de inspección técnica de vehículos e normas para a súa formalización

De acordo co previsto no artigo 12.2. do real decreto, as características do informe de inspección técnica de vehículos e normas para a súa formalización son as seguintes:

I. Características do informe.

1. Apróbase o modelo de informe de inspección técnica de vehículos, que se inclúe no apéndice 1 deste anexo.

2. O informe constará das seguintes partes:

- A. Identificación da estación ITV e do vehículo.
- B. Alcance e rastrexabilidade da inspección.
- C. Medicións efectuadas durante a inspección.
- D. Relación de defectos encontrados na inspección.
- E. Resultado da inspección.

3. O citado informe ten carácter de información básica e poderá ser modificado por cada comunidade autónoma sempre que manteña todos os conceptos, grupos e códigos das unidades de inspección correspondentes.

O informe de inspección poderá ser xerado en formato papel ou en formato electrónico. No primeiro caso constará de dous exemplares en papel; no segundo caso, dun exemplar en formato electrónico PDF e outro en papel. O primeiro dos exemplares quedará en poder da estación ITV. O segundo exemplar seralle entregado ao interesado e nel figurarán, como mínimo, as seguintes partes do informe: identificación da estación ITV e do vehículo, medicións efectuadas durante a inspección, relación de defectos encontrados na inspección e resultado da inspección. Adicionalmente, remitírase o contido do informe de inspección ao órgano competente da comunidade autónoma onde estea situada a estación ITV, na forma que o dito órgano dispoña.

De cada inspección que se realice, a estación ITV comunicará no día da inspección por medios telemáticos o informe de inspección ao Rexistro de vehículos da Xefatura Central de Tráfico, de acordo coas instrucións que esta dite.

4. No caso de vehículos que pasen unha nova inspección, por ser desfavorable ou negativa a anterior, utilizarase un novo impreso de informe cun número diferente e farase constar, en «Observacións», o número da inspección anterior e o código da estación ITV onde pasou a primeira inspección, no caso de non ser a mesma.

II. Normas para a formalización do informe de inspección técnica de vehículos.

A. Identificación da estación ITV e do vehículo.

Número.—Indícase o número correlativo da inspección, de acordo coa organización interna de cada estación ITV.

Razón social e enderezo da estación ITV.—Farase constar a razón social da estación ITV e o seu enderezo.

Estación.—Consignarase o número asignado á estación ITV.

Liñas.—Indícase a liña ou liñas da estación ITV en que foi realizada a inspección.

Tipo de inspección.—Farase constar o tipo de inspección que se está a realizar de entre as establecidas regulamentariamente.

Data de inspección.—Farase constar a data de inspección que dá lugar ao informe, e indícanse o día, o mes e o ano.

Data da próxima inspección.—Farase constar a data antes da cal debe pasar a próxima inspección periódica o vehículo no caso de inspección favorable.

Clasificación do vehículo.—Empregarase a codificación do anexo II do Regulamento xeral de vehículos. Constará como máximo de catro cifras.

Marca.—Consignarase a marca do vehículo.

Tipo.—Consignarase o tipo do vehículo que figura na tarxeta ITV, a copia en papel da tarxeta ITV emitida en soporte electrónico ou o certificado de características.

Contrasinal de homologación.—Se se trata de vehículos homologados, consígnase o contrasinal de homologación que figure na tarxeta ITV, a copia en papel da tarxeta ITV emitida en soporte electrónico ou o certificado de características. Se se trata de vehículos non homologados, deíxase en branco.

Data da primeira matriculación.—Anotárase a data de matriculación do vehículo, salvo no caso de que o vehículo tivese anteriormente outras matrículas, en que se fará constar a data da primeira matriculación que figura no permiso de circulación.

Matrícula actual.—Farase constar a matrícula que figure no permiso de circulación do vehículo, consígnando os caracteres, números e letras, sen deixar espazo entre eles.

Número de bastidor.—Farase constar o número de bastidor do vehículo.

B. Alcance e rastrexabilidade da inspección.

Para cada unidade de inspección (sistemas, elementos, compoñentes), farase constar unha marca que identifique o inspector que a realizou. No caso de que a unidade non sexa obxecto de inspección, marcarase como «NA». Nesta epígrafe farase constar tamén o número de identificación de todos os equipamentos utilizados nas medicións que se efectuarán na epígrafe seguinte. As comunidades autónomas poderán adoptar outros procedementos que permitan identificar cales foron os sistemas obxecto da inspección e que garantan a rastrexabilidade da inspección.

C. Medicións efectuadas durante a inspección.

Para cada unha das medicións de emisións, freada e aliñación farase constar o valor da medición obtido. Para a limitación de velocidade, farase constar, no caso de vehículos obrigados á utilización do limitador de velocidade e, de ser o caso, de vehículos obrigados á comprobación da velocidade máxima que alcanzan en ITV, se a dita velocidade é maior ao valor regulamentariamente establecido, ou igual ou inferior a este, indicando o devandito valor. As medicións que non se realicen marca-

ranse cun guión. No caso de medicións de freada e aliñación, para cada eixe, comezando polo dianteiro, anotarase o valor da medición, e separaranse os valores de cada eixe cunha barra inclinada. Cando a medición fose realizada con decelerómetro, o valor que se fará constar será a deceleración medida en m/s^2 , e farase constar nas observacións que a dita medición foi realizada con decelerómetro.

D. Relación de defectos encontrados na inspección.

Para cada defecto, farase constar o código da unidade de inspección onde foi detectado, a súa cualificación como defecto leve, grave ou moi grave e a descrición do defecto, que complementa a que figura na epígrafe de interpretación de defectos correspondente no Manual de procedemento de inspección das estacións ITV, segundo o artigo 12 do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, de forma que sexa perfectamente identificado, e a súa localización.

E. Resultado da inspección.

Farase constar, segundo o caso, se a inspección foi considerada favorable, favorable con defecto leve, desfavorable ou negativa. Tamén figurará a sinatura, en formato electrónico, da persoa xurídica no exemplar en formato electrónico e da persoa autorizada da estación ITV, xunto co selo da estación, nos exemplares en papel.

Nas observacións, a estación ITV fará constar outros aspectos que considere necesarios para completar o informe de inspección. Se o resultado da inspección for desfavorable, nesta epígrafe farase constar que o vehículo queda inhabilitado para circular polas vías públicas, excepto para o seu traslado ao taller ou para a regularización da súa situación e volta á estación ITV para unha nova inspección. Cando a inspección sexa cualificada de negativa, nesta epígrafe farase constar que iso obriga a trasladar o vehículo por medios alleos a este.

APÉNDICE 1 AO ANEXO IV

A. Identificación da estación ITV e do vehículo.

INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS				N.º
ESTACIÓN	LIÑAS	(RAZÓN SOCIAL E ENDEREZO DA ESTACIÓN ITV)		
TIPO DE INSPECCIÓN:		DATA INSPECCIÓN	DATA PROX. INSP.	
CLASIF. VEHÍCULO	MARCA	TIPO	CONTRASINAL HOM	DATA 1.ª MATRICULACIÓN
MATRÍCULA ACTUAL			NÚMERO DE BASTIDOR	

B. Alcance e rastrexabilidade da inspección.

UNIDADE DE INSPECCIÓN	UNIDADE DE INSPECCIÓN	UNIDADE DE INSPECCIÓN
1. IDENTIFICACIÓN	4. LUCES E SINALIZAC. (CONT)	6. FREOS (CONT)
1.1 DOCUMENTACIÓN	4.5 LUCES DE FREO	6.20 CILINDROS DO SIST FREADA
1.2 NÚMERO DE BASTIDOR	4.6 LUZ DE PLACA DE MATR TRAS	6.21 VÁLVULA SENSORA DE CARGA
1.3 PLACAS DE MATRICULA	4.7 LUCES DE POSICIÓN	6.22 AXUSTAD TENSIÓN AUTOMÁT
	4.8 LUCES ANTINEBOA	
	4.9 LUZ DELIMITADORA	
2. ACOND EXT, CARROC, CHASIS	4.10 CATADIÓPTICOS	7. DIRECCIÓN
2.1 ANTIEMPOTR DIANTEIRO	4.11 LUCES INTERIORES	7.1 DESVIACIÓN DE RODAS
2.2 CARROZARÍA E CHASIS	4.12 AVISADOR ACÚSTICO	7.2 VOLANTE E COLUMNA DIREC
2.3 DISPOSITIVOS DE ACOPLAM	4.13 LUZ DE ESTACIONAMENTO	7.3 CAIXA DE DIRECCIÓN
2.4 GARDAL E DISP ANTIPROX	4.14 SINALIZ DE APERT PORTAS	7.4 TEMONERÍA E RÓTULAS
2.5 LIMPA E LAVAPARABRISAS	4.15 SINALIZ LUMINOSA ESPECÍF	7.5 SERVODIRECCIÓN
2.6 PROTECCIÓN LATERAIS		
2.7 PROTECCIÓN TRASEIRA		
2.8 PORTAS E CHANZOS	5. EMISIÓN CONTAMINANTES	8. EIXES, RODAS, PNEUMAT, SUSP
2.9 RETROVISORES	5.1 RUÍDO	8.1 EIXES
2.10 SINAIS NOS VEHÍCULOS	5.2 VEH MOTOR DE ENC CHISPA	8.2 RODAS
2.11 SOPORTE EXT RODA DE REP	5.3 VEH MOTOR DE ENC POR COMPR	8.3 PNEUMÁTICOS
2.12 VIDROS DE SEGURANZA		8.4 SUSPENSIÓN
2.13 ELEM EXCL VEHIC M2 E M3		
	6. FREOS	
	6.1 FREO DE SERVIZO	9. MOTOR E TRANSMISIÓN
3. ACONDIC INTERIOR	6.2 FREO DE SOCORRO	9.1 ESTADO XERAL DO MOTOR
3.1 ASENTOS E ANCORAXES	6.3 FREO DE ESTACIONAMENTO	9.2 SISTEMA DE ALIMENTACIÓN
3.2 CINTOS DE SEG E ANCORAXES	6.4 FREO DE INERCIA	9.3 SISTEMA DE ESCAPE
3.3 DISP DE RETENC PARA NENOS	6.5 DISPOSITIVO ANTIBLOQUEO	9.4 TRANSMISIÓN
3.4 ANTIXEO E ANTIBAFO	6.6 DISPOSITIVO DE DESACELER	9.5 VEH QUE UTIL GAS COMO CARB
3.5 ANTIRROUBO E ALARMA	6.7 PEDAL DO DISP DE FREADA	
3.6 CAMPO DE VISIÓN DIRECTA	6.8 BOMBA BALEIRO OU COMP E DEP	
3.7 DISP DE RETENC DA CARGA	6.9 INDICADOR DE BAIXA PRESIÓN	10. OUTROS
3.8 INDICADOR DE VELOCIDADE	6.10 VÁLV REGUL FREO DE MAN	10.1 TRANSP MERCAD. PERIG
3.9 SAÍNTE INTERIORES	6.11 VÁLVULAS DE FREADA	10.2 TRANSP MERCAD. PEREC.
3.10 ELEM EXCL DE VEH M2 E M3	6.12 ACUM OU DEPÓSITO DE PRESIÓN	10.3 TRANSPORTE ESCOLAR
	6.13 CONEX. FREOS DE REMOLQUE	10.4 TACÓGRAFO
	6.14 SERVOFR. CILINDRO MANDO	10.5 LIMITACIÓN DE VELOCIDADE
	6.15 TUBOS RÍXIDOS	10.6 REFORMAS NON AUTORIZADAS
4. LUCES E SINALIZAC.	6.16 TUBOS FLEXIBLES	
4.1 LUCES DE CRUZAM. E ESTRADA	6.17 FORROS	
4.2 LUZ DE MARCHA ATRÁS	6.18 TAMBORES E DISCOS	
4.3 LUCES INDICAD DE DIRECC	6.19 CABLES, VARETAS, PANCAS	
4.4 SINAL DE EMERXENCIA		

EQUIPAMENTOS DE MEDICIÓN

EMISIÓN	FREADA	ALIÑACIÓN	VEL ACT LIM VEL	RUÍDOS
Identif: _____	Identif: _____	Identif: _____	Identif: _____	Identif: _____

C. Medicións efectuadas durante a inspección.

EMISIÓN	Opacidade: _____ m ⁻¹	CO ralenti: _____ %	CO ralenti acel: _____ %	λ: _____ %
FREADA	Freo de servizo	F _d : _____ N	F _i : _____ N	ALIÑACIÓN
	Freo de socorro	F _d : _____ N	F _i : _____ N	
	Freo de estacionamento	F _d : _____ N	F _i : _____ N	
LIMITACIÓN DE VELOCIDADE	_____ km/h	RUÍDOS	_____ dB	

D. Relación de defectos atopados na inspección.

UNIDADE	CUALIFICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO DEFECTO
2.7	Defecto grave	1. Dispositivo de protección traseira inexistente sendo obrigatorio.
4.3	Defecto grave	6. Cor non regulamentaria da luz emitida.
7.3	Defecto leve	5. Defectos de estado na caixa de dirección.

E. Resultado da inspección (de conformidade co Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos).

FAVORABLE <input type="checkbox"/>	DESFAVORAB <input type="checkbox"/>	OBSERVACIÓNS
FAV C/DEF LEVE <input type="checkbox"/>	INSP NEGAT <input type="checkbox"/>	
Vº e pr. ESTACIÓN SINATURA E SELO		